

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

ASUNTO: CONTRATACIÓN MEDIANTE LOTES DAS OBRAS DE PAVIMENTACION EN RONDA MURALLA TRAMO 2 E 3 (LOTE 1) ACTA EXCLUSIÓN OFERTA SELECCIONADA PARA O LOTE 1 E SELECCIÓN SEGUINTE OFERTA MÁIS VENTAXOSA SEGUNDO O CADRO DE PUNTUACIÓNS FINAIS

Sendo as 10:00 horas do día 24 de xullo de 2015, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida por don Xosé Manuel Cao Rei e actuando como vocais:


Don Pablo López Paz, Titular da Asesoría Xurídica, dona Elva Anido Anido, en substitución do Interventor Xeral; María García Ferro, Titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local (Vicesecretaria); don Pablo Fuentes Failde, Xefe do Servizo de Enxeñería e actuando como secretaria dona Ana Tabarés Martínez, Técnico do servizo de contratación, patrimonio e fomento do Concello.

Abre a sesión o Sr. Presidente e procédese por parte da Secretaria da mesa a informar que despois da tramitación regulamentaria e de haber notificado en data 9 de xuño de 2015 á mercantil CANALUGO, S.L que a súa oferta era a seleccionada para a realización das obras de pavimentación en Ronda Muralla Tramo 2 e 3 (Lote 1) segundo se acordou na mesa de contratación celebrada o pasado 15 de maio de 2015 e despois da elaboración dos cadros finais de puntuación, a mesma non presentou a documentación requerida no prazo segundo consta en informe de Rexistro de data 24 de xuño.


A vista do cal os membros da mesa entenden , en aplicación do artigo 151.12 do TRLCSP que dí “ *De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose nese caso a recabar a mesa documentación ao licitador seguinte*” que a mercantil CANALUGO retirou a súa oferta polo que a Mesa acorda seleccionar á mercantil ASOGAL CONSTRUCCIONES S.L. para a contratación da obra do LOTE 1 OBRA DE PAVIMENTACION EN RONDA MURALLA TRAMO 2 E 3 por ser a seguinte oferta economicamente máis ventaxosa segundo cadro de puntuacións finais elaborado na Mesa de Contratación de 15 de maio.

Sen mais que manifestar conclúese o asunto de referencia ás 10:15 horas no lugar sinalado no encabezamento.


O PRESIDENTE



Asdo: Xosé Manuel Cao Rei



A SECRETARIA



Asdo: Ana Tabarés Martínez